


# UNIDADE DIDÁCTICA





# KALI



## RESEÑA DA EDITORIAL


Nunha mestura fantástica de mito e realidade desenvólvese esta historia chea de misterios e intriga. Nela cóntase o que lle pasou a Kali, unha nena xitana. A partir da vida dos seus antepasados móstranse os costumes deste pobo desde a súa aparición na Europa do século XV ata os nosos días. Paios e xitanos aprenden a importancia de protexer as tradicións para que pasen de pais a fillos, como base da supervivencia dun pobo, sen esquecer que as novas xeracións deben adaptarse tamén aos novos tempos.

Inténtase a través desta historia que os nenos rexeiten calquera tipo de discriminación aprendéndolles que todas as culturas poden convivir sen imposicións respectándose mutuamente, aportando de cada unha delas o máis rico para mellorar unha sociedade na que todas temos cabida.

Grazas ao esforzo e o tesouro de Kali e coa axuda dos seus amigos paios Sara e Sebastián, despois de moitas peripecias conseguen salvar á súa familia e a súa xente. Neste relato paios e xitanos colaboran xuntos nunha empresa común e sen participación de todos nos se podería chegar a unha boa fin.



# KALI



## Contidos:

- O pobo xitano.
- A familia.
- O cambio nas tradicións co paso do tempo.
- A sociedade actual

## Valores:

A riqueza das culturas da sociedade

O valor da amizade


O valor da diferenza

A tolerancia

O esforzo e o tesón

## O CONTO

### 1. Observamos e analizamos a portada:



Como se chama esta nena?

Cantos anos cres que pode ter?

Tenche unha cara coñecida? A quen se pode parecer?

Que hai ao fondo da imaxe?

Para que será?

### 2.- Analizamos o título.

Sen ler o conto, que pensas con respecto a ese nome.


O coñecías? De onde virá?

Que outros nomes coñeces que sexan diferentes aos “de sempre” para ti:

### 3.- Recordas os nomes destas personaxes?



4.- Nesta ilustración podes observar como vivían os pobos xitanos.



Escribe as **diferenzas** na vida nesta imaxe coa túa propia vida:

Imaxe	Miña vida

Pensa agora en **semellanzas** na vida dos xitanos coa túa propia vida:

Semellanzas




# KALI



**5 .- No libro que atopou Kali agochaba un importante tesouro que axudaría a quen o atopara.**

Agora completa o mapa do teu tesouro.

Agocha o teu tesouro e debuxa o camiño para o atopar. Logo explica en voz alta aos demais.



**6.- Kali decidiu axudar ao pobo xitano co tesouro que atopou. Imaxina que tes que meter nun cofre un tesouro para os teus netos. Qué agocharías?**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---




# KALI



7.-O xitano Bero e a súa muller Balgasí son os antepasados de Kali.

Completa esta árbore xenealóxica da túa familia:



Cres que faltan familiares nesta árbore?

Nunha cartolina fai a túa árbore xenealóxica con todos os familiares que recordades. Pide axuda na casa. Se queres podes completala con fotos.





## 9.- Completa agora o resumo do conto coas palabras do exercicio anterior:

Un \_\_\_\_\_(1) monxe a piques de morrer foi recollido por uns xitanos chamados Bero e Balgasí. En sinal de agradecemento, o vello regaloulles un antigo libro que, segundo el, agochaba un importante tesouro.

Co paso do tempo \_\_\_\_\_(7), unha descendente do xitano Bero, coñeceu a existencia do libro. Este libro pasou a formar parte da \_\_\_\_\_ (6) da familia e os pais o ían pasando aos seus fillos.

Malia que os xitanos non sabían ler —xa que as historias e \_\_\_\_\_(4) as contaban oralmente— Kali estaba aprendendo na escola e quixo saber que poñía naquel marabilloso libro.

Kali acudiu á nai dos seus amigos \_\_\_\_\_(8) Sara e Sebastián para descifrar a mensaxe, pero resultou que parte do libro estaba escrito nunha lingua estraña: o \_\_\_\_\_(3). O avó de Kali si coñecía o idioma do pobo \_\_\_\_\_(9).

Entre todos descifraron a mensaxe dos Nagas e deron co \_\_\_\_\_(2).

Con todos eses cartos, kali decidiu que a mellor inversión sería \_\_\_\_\_ (5) ao pobo xitano e ás súas xentes.

## 10.- Fai o debuxo da parte que máis te gustou da historia



# KALI



## PODEMOS APRENDER MÁIS...

### Sobre a Amizade

**Kali ten dous fantásticos amigos: Sara e Sebastián.**

Escribe o nome dos teus amigos:

---

En que se parecen a ti?

---

---

---

---

Coñeces o lugar onde naceron?

---

---

Que palabras se te ocorren cando pensan na amizade?

---

---

Por que cres que este valor é tan importante nas nosas vidas?

---

---

---

Como sería a túa vida sen amigos?

---

---

---



## **Sobre os PREXUIZOS**

**Recordade o texto da páxina 9:**

*Os homes que o perseguían pasaron de longo á beira do campamento xitano, pois poucos eran quen de molestalos xa que tiñan sona de moi ardidados.*

**Malia non coñecer a algunhas persoas, ás veces, non intentamos acercarnos a elas porque pensamos que son malas ou que nos poden facer dano, ou simplemente non nos gustan.**

-Por que os ladróns non se acercaron ao campamento:

---

En cambio o vello monxe foi xunto a eles. Que fixeron os xitanos co vello enfermo? O axudaron? Por que?

**Volvede agora á paxina 21.**

-A que se dedicaba o pobo xitano?

---

**Na nosa sociedade actual hai unha grande mestura de culturas e de xente diferente.**

Coñeces algún neno ou nena que teña unha cultura, relixión, lugar de nacemento,... diferente ao teu?





# KALI



**Na mesma páxina 25 explicánnos un dato moi importante na vida do pobo xitano:**

*Os xitanos non aprenderon a ler porque coidaban que isto non era importante para eles, xa que a súa forma de vida non parecía precisar de letras nin de literaturas.*

Por que cambiou esta situación? (páx 26)

---

---

---

---

**A vida de Kali era diferente da dos seus antepasados**

Pon unha X en V si é verdadeiro ou en F si cres que é falso:

V F

*Kali sabía que ler era moi importante*

*Kali só se relacionaba con xente xitana coma ela*

*Kali non quería traballar, ela prefería adicarse a limpar a casa.*

*Os pais de Kali non a deixaban ir ao colexio*

*Os pais de Sebastián e Sara estaban encantados con Kali*

*Grazas a que Kali soubo ler puido coñecer o segredo do libro*

*O idioma dos xitano é o caló*

*O avó de Kali tampouco sabía caló*

Como cres que sería a túa vida se non souberas ler?

---

---

---

---



# KALI






## FACEMOS UN MARCAPÁXINAS

**Busca no conto de Kali palabras que amosen valores que debemos ter en calquera sociedade onde os cidadáns respecten aos demais e vivan felices e tranquilos.**

Escrebe con cores e letras diferentes esas palabras e fai o teu propio marcapáxinas.

Cando o remates só terás que recortalo, dobrar pola liña de puntos e forralo. Con el poderás seguir lendo milleiros de fantásticos libros.

 		
---	--	--



**KALI**




Exemplo:

 <p>amistade</p> <p><b>PAZ</b></p> <p><b>tolerancia</b></p> <p><b>UNIÓN</b></p> 	<p>aXuDa</p> <p>Cooperación</p> <p><b>Diálogo</b></p> <p><b>RESPECTO</b></p> <p><b>FAMILIA</b></p> <p><b>E AQUÍ O MEU</b></p> <p><b>NOME</b></p>
--	--





**KALI**



Esta unidade didáctica foi ideada e realizada  
por **AMALIA PÉREZ OTERO** como  
complemento didáctico ao libro **KALI** de  
**AMPARO GÓMEZ CUERPO**

NOVEMBRO 2010